# Proposta de intervención sobre o tranvía nº 177 do *Museu do Carro Eléctrico de Porto*. A Conservación como alternativa a Reconstrución e/ou Restitución

**DIEGO LOIS CARRERA**
diegoloisca@hotmail.com
**20/06/2014**

## Obxectivos

- O obxectivo do proxecto pasa por ofrecer unha alternativa de intervención distinta a que se ven levando a cabo no Museo tradicionalmente baseada na reconstrución e/ou restitución. Unha proposta que asentarase sobre os principais criterios de conservación para garantir a preservación dos valores orixinais do tranvía.
- Esta proposta permitirá outorgar o vehículo unha **importancia merecida** como elemento fundamental da historia e a cultura da cidade portuguesa.
- **Necesidade de influír** sobre outros profesionais do sector do patrimonio para actuar adecuadamente sobre as colecciónS industriais e o patrimonio en xeral.

## Metodoloxía

- A metodoloxía a empregar na proposta sopórtase sobre o **código deontolóxico** da conservación-restauración así como tamén nos principios consignados nas distintas cartas patrimoniais (Carta de Nizhny Tagil 2004) e documentos normativos da protección do Patrimonio.
- O proxecto iniciarase por unha **documentación exhaustiva** do vehículo que permita incluílo dentro dun contexto histórico social na cidade onde exerceu o servizo público ademais de coñecer cal e a súa situación actual dentro do Museo.
- Posteriormente ofrecerase unha reflexión sobre os traballos de reconstrución levados a cabo tradicionalmente no Museo e que **alternativa,** amparada polos criterios actuais de conservación, se propón.
- A continuación elaborarase a proposta de **intervención directa** sobre o vehículo baseada nun diagnóstico do estado de conservación previo. A intervención sustentárase no criterio de mínima intervención para salvagardar tódolos valores (histórico, social, estético, simbólico) que conforman a orixinalidade do tranvía.
- Finalmente, e debido a que na proposta proponse que o vehículo forme parte da exposición permanente do Museo, ofrécese unha serie de **medidas de carácter preventivo** para conservar a integridade do tranvía o maior tempo posible.
- O proxecto encontrase avalado por unha extensa bibliografía de contextualización e intervención sobre patrimonio metálico e industrial, a pesar de que nesta última non aparecesen casos paralelos ou similares o que aquí se propón.

## Conclusións

- O aspecto fundamental desta proposta radica na súa singularidade e no respecto para o ben, pois son poucas as institucións e/ou empresas que consideran como obxectivo fundamental dos proxectos de intervención, a conservación dos valores orixinais dos vehículos.
- Desafortunadamente, e por regra xeral, estes traballos non contan con conservadores-restauradores dentro do equipo de traballo que defina unha metodoloxía de actuación adecuada.
- Contribuír con este proxecto na creación de mecanismos que consoliden a aplicación dos coñecementos da área epistemolóxica da conservación-restauración tal e como xa existe para outras áreas do arte.
- Promover intervencións de conservación-restauración do patrimonio industrial convencendo o sector privado das súas vantaxes de rendibilidade económica. Polo tanto, e necesario desenvolver estratexias para a súa posta en valor e difusión.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

ESCOLA · SVPERIOR DE · CONSERVACION E · RESTAVRACION DE · BENS · CVLTVRAIS DE · GALICIA